

INFORME XURÍDICO

UNIDADE SOLICITANTE:	DIRECCIÓN DE RECURSOS HUMANOS E RÉXIME INTERIOR
DATA DA SOLICITUDE:	8 de xuño de 2016.
ASUNTO:	PROPOSTA DE PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN DA VIXILANCIA, SEGURIDADE E CONTROL INTEGRAL DO RECINTO E DOS SEUS ACCESOS, INCLUÍNDO APARCADOIROS E INTERIOR DO EDIFICIO DO PARLAMENTO DE GALICIA

Vista a proposta de prórroga por un período de tres meses, da contratación administrativa de servizos para a xestión da vixilancia, seguridade e control integral do recinto e dos seus accesos, incluíndo aparcadoiros e interior do edificio no Parlamento de Galicia, efectuada polo Servizo de Réxime Interior con data 8 de xuño de 2016, e que se une ao presente informe.

Tendo en conta que tanto na cadro de especificacións do prego de cláusulas administrativas desa contratación, coma no contrato formalizado entre o Parlamento de Galicia e a empresa Eulen Seguridad, S.A. con data un de xullo de dous mil quince, está prevista a posibilidade de que o contrato poida ser prorrogado pola Mesa do Parlamento ata un máximo dun ano máis, infórmase que a referida prórroga axústase á legalidade vixente, debendo constar no expediente as razóns de interese público que determinan a conveniencia e necesidade de efectuar tal prórroga.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2016

A letrada

María Aneiros González

Proposta de prórroga do contrato administrativo de servizos para a xestión da vixilancia, seguridade e control integral do recinto e dos seus accesos, incluíndo aparcadoiros e interior do edificio no Parlamento de Galicia

O 26 de maio de 2016 a empresa Eulen Seguridad, SA presentou escrito no Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia (rex. nº 50892) no que manifesta que para prorrogar o contrato e continuar prestando o servizo relativo á xestión da vixilancia, seguridade e control integral do recinto e instalacións do Parlamento durante o ano de prórroga previsto nos pregos precisarían, dados os aumentos dos custes laborais orixinados por unha actualización do convenio colectivo aplicable, unha revisión do prezo do contrato.

Mediante escrito de 1 de xuño de 2016, este Servizo respostoulle que, conforme ao estipulado na cláusula segunda do contrato, o prezo non pode ser obxecto de revisión, xa que no cálculo do mesmo foron tidos en conta os factores económicos determinantes para manter o equilibrio financeiro do contrato durante o posible prazo de execución, polo tanto non é posible prorrogalo, tal e como solicitan, subindo o importe de adxudicación

En consecuencia se lle comunicou á empresa que se iniciará un novo procedemento de contratación e ao ser necesario para o Parlamento de Galicia a continuidade da prestación do servizo obxecto do contrato, se lles propuxo unha prórroga durante tres meses nas mesmas condicións contractuais mentres se tramita, para poder sometela á Mesa do Parlamento.

Mediante escrito de 7 de xuño de 2016 (rex. nº 51298) a empresa Eulen Seguridad, S.A. acepta prorrogar o contrato por tres meses nas actuais condicións.

A posibilidade da prórroga preveuse expresamente no prego de cláusulas administrativa desta contratación e tívose no seu momento en conta para a elección do procedemento de adxudicación.

A cláusula terceira do contrato prevé que a súa vixencia poderá ser prorrogada polo tempo que acorde a Mesa do Parlamento ata un máximo de outro ano máis.

Dado que a prestación obxecto do contrato se esta realizando con normalidade, seguen vixentes tanto a necesidade que se pretendía cubrir co contrato como as razóns de interese público que xustificaron o inicio deste expediente de contratación, e o actual contrato estende á súa inicial duración ata o 30 de xuño de 2016.



PARLAMENTO
DE GALICIA

SERVIZO DE RÉXIME INTERIOR

Por todo iso, propónse á Mesa do Parlamento de Galicia a adopción do seguinte Acordo:

1º prorrogar o contrato para prestación de servizos para a xestión da vixilancia, seguridade e control integral do recinto e dos seus accesos, incluíndo aparcadoiros e interior do edificio, asinado con Eulen Seguridade, S.A., ata o 30 de setembro de 2016.

2º Ordenar aos servizos competentes da Cámara a elaboración a preparación da documentación e dos pregos para a tramitación dun novo procedemento de contratación.

Santiago de Compostela 8 de xuño de 2016.

O xefe do servizo


F. Javier Freire González
SERVIZO DE RÉXIME INTERIOR

Vº e praxe
O Letrado Oficial Maior


Xosé Antón Sarmiento Méndez

MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA